

## Encontros en Santiago de Compostela. Con Darío Villanueva

Anxo Abuín González  
Univ. de Santiago de Compostela

César Domínguez Prieto  
Univ. de Santiago de Compostela

Anxo Tarrío Varela  
Univ. de Santiago de Compostela

Darío Villanueva (Vilalba –Lugo–, 5-VI-1950) é Catedrático de Teoría da literatura e Literatura comparada da Universidade de Santiago de Compostela, a cuxo Departamento de Literatura española, Teoría da literatura e Lingüística xeral pertence.

En 1998 foille outorgado o doutorado *honoris causa* pola Universidade Nacional San Luis Gonzaga de Ica, Perú; en 1999, pola Universidade de Birmingham (Reino Unido); en 2000, pola Universidade de Ciencias Empresariais e Sociais de Bos Aires; en maio de 2001 pola Universidade de Colorado (USA), e en setembro dese ano pola Universidade Ricardo Palma, de Lima; en 2002 pola Universidade de Karlstad (Suecia) e en 2005 pola Universidade Nacional de Cuyo (Arxentina).

Darío Villanueva foi Profesor visitante da “Escuela española” de Middlebury College (Vermont, Estados Unidos) en 1987; nos outonos de 1988 e 1993 da Universidade de Colorado en Boulder, a cuxo claustro pertence dende 1989 en calidade de Catedrático adxunto (*Professor Adjoint*); e entre 1989 e 1991 da Université de Bourgogne (Dijon).

Foi Secretario e posteriormente Decano da Facultade de Filoxía da Universidade de Santiago de Compostela entre 1978 e 1990. En xuño de 1994 produciuse a súa elección como Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, e en maio de 1998 a súa reelección para un segundo e derradeiro mandato de catro anos.

Entre 1994 e 1998 foi Presidente da Fundación Empresa-Universidade de Galicia (FEUGA), e neste último ano foi elixido pola Conferencia de Reitores de Universidades Españolas (CRUE) Presidente da Rede de Bibliotecas Universitarias (REBIUN). Así mesmo, en 2001 foi nomeado Vicepresidente da CRUE.

Darío Villanueva é membro da Asociación Internacional de Hispanistas, da Sociedade Española de Literatura Xeral e Comparada, da que na actualidade é Presidente, da Asociación Española de Teoría da Literatura (ASETEL), que presidiu entre 1996 e 2001, da Sociedade Española de Semiótica e da Twentieth Century Spanish Association of America.

Pertence, así mesmo, á International Comparative Literature Association/Association Internationale de Littérature Comparée, a cuxo Comité executivo, composto por dezaioito membros, pertenceu até 2000. Nesta mesma organización internacional formou parte do Comité de coordinación para a Historia comparada das Literaturas europeas, e do Comité de Teoría Literaria.

Darío Villanueva pronunciou conferencias e impartiu cursos en numerosas universidades españolas e foi conferenciante, así mesmo, en Universidades de Alemaña (Dresde e Tubinga), Arxentina (Buenos Aires, Belgrano e Nacional de Cuyo, en Mendoza), Australia (La Trobe, en Melbourne), Bélxica (Amberes), Canadá (Laval, Montreal, Ottawa), Exipto (Minia), Estados Unidos (Harvard, Michigan en Ann Arbor, Philadelphia, Princeton, CUNY, Brown, Dartmouth, Cornell, Vassar College, California en Davis, Massachussets en Amherst, etc.), Francia (a Sorbona -Paris IV- e Borgoña en Dijon), Holanda (Leiden, Groninga, Católica de Nimega, Utrecht e Amsterdam), Irlanda (Queen's College de Dublín, Cork e Limerick), Italia (Bari), México (Universidade nacional autónoma do Estado de México en Toluca, UNAM), Perú (Universidade Ricardo Palma), Portugal (Lisboa, Universidade de Miño en Braga, Universidade Nova de Lisboa, Porto), Reino Unido (Manchester, Birmingham e Liverpool), Santo Domingo (Pontificia Universidad Católica Madre y Maestra en Santiago de los Caballeros), Sudáfrica (Universidade de Natal en Durban), Suecia (Karlstad), Suíza (Lausana, Ginebra, Basilea e Neuchâtel) e Taiwan (Universidade de Taichung).

Desde 2004 é director do "Consejo Científico" da Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes e director literario da "Biblioteca Castro", colección de clásicos españois de todos os tempos que téñen xa publicados 140 volumes. Así mesmo, foi o coordinador xeral da sección de Literatura do Proxecto Editorial Galicia (Hércules de Ediciones, A Coruña).

Entre os seus libros figuran *El polen de ideas. Teoría, Crítica, Historia y Literatura comparada* (1991), *Trayectoria de la novela hispanoamericana actual* (1991), escrito con J. M. Viña Liste e traducido ao árabe polo Consello Superior de Cultura de Exipto (1998), *Teorías do realismo literario* (1992; segunda edición, 2004), traducido ao inglés pola State University of New York Press en 1997, e *Valle-Inclán, novelista del Modernismo* (2005). Deben terse en conta tamén dous volumes compilados por el, *Avances en Teoría de la Literatura* (1994; 1999) e *Curso de Teoría de la Literatura* (1994), así como *La poética de la lectura en Quevedo* (Universidade de Manchester, 1995).

*AA. A Literatura comparada é unha disciplina que vai cambiando a súa definición cada pouco tempo. Cal sería a definición máis axeitada para o momento actual?*

**DV.** Esa volatibilidade das definicións paréceme moi prexudicial para o rigor e a consideración científica da Literatura comparada, e moitas veces ten que ver co bizantinismo ao que os académicos somos tan proclives. Eu prefiro sempre neste sentido a autodisciplina de aceptar unha definición para a literatura comparada que sexa razoábel, que cumpra os requisitos lóxicos dunha definición, aqueles que estudabamos nos vellos fundamentos de filosofía, e que sexa capaz de resistir os cambios de paradigma que se van producindo cada pouco tempo, non só na nosa disciplina senón, en xeral, en todas as disciplinas científicas. Os paradigmas da Química cambian e con todo a definición da Química inicial é sempre a mesma. Para responder directamente á pregunta eu quero recordar que Roland Mortier na lección inaugural do IX Congreso da Asociación Internacional de Literatura Comparada que se celebrou en Innsbruck no ano 1979 propuxo como mellor definición de Literatura comparada a de Henry Remarck que era do ano 1961 e que, en síntese, porque é unha definición longa, ao final vén concluír que Literatura comparada é a comparación dunha literatura con outra ou con outras e a comparación da literatura con outras esferas da expresión humana. Comparar a literatura, entendendo por tal unha expresión estética nun idioma determinado, con outra ou outras, e logo a expresión da literatura con outras esferas da expresión humana, fundamentalmente de tipo estético.

283

Eu penso que esta é unha definición que segue vixente e pon a énfase no procedemento característico da disciplina, que é a comparación. Non só dela, porque cando naceu a Literatura comparada no século XIX existía un amplo abano de disciplinas de diversos campos que tamén utilizaban a comparación como sistema de traballo e, por outra parte, insiste non só na relación entre literaturas senón tamén entre literaturas e outras expresións humanas, especialmente as estéticas.

*AT. Segundo iso, dentro dun mesmo sistema literario, non é posíbel entón aplicar os procedementos propios da Literatura comparada? Entendendo por comparar, neste caso, diferentes estadios dun mesmo sistema.*

**DV.** Pode facerse porque o procedemento da comparación pode aplicarse a textos escritos dentro dun mesmo sistema, dentro dunha mesma lingua. Pero

iso non sería en propiedade Literatura comparada. Iso sería simplemente o recurso a un procedemento para levar adiante un proxecto de crítica literaria ou de historia literaria referida a un sistema específico. Iso si, o que é imprescindible para que exista a Literatura comparada é saír dun sistema e poñelo en relación con outros. Cando a prospección se fai dentro dun só sistema iso non é en puridade comparatismo.

**CD.** *O manual Curso de Teoría da literatura que vostede coordinou en 1994 foi unha obra pioneira no ámbito académico español en moi diversos sentidos. Neste mesmo manual inclúese a súa propia contribución á Literatura comparada, baixo o título de “Literatura comparada e teoría da literatura”. Dende a perspectiva dese manual, como contempla o risco de que a Literatura comparada sexa absorbida por outras disciplinas, como a Teoría literaria, a Crítica literaria, os Estudos culturais ou mesmo os Estudos poscoloniais? Moi especialmente, cal sería a relación entre a Teoría literaria e a Literatura comparada?*

**DV.** O risco de absorción eu non o vexo como tal, o que si vexo é un risco de desprazamento dunha disciplina por outra. Cómpre decatarse de que, en primeiro lugar, algunhas desas disciplinas que poderían desprazar a Literatura comparada forman parte canda ela dese conxunto que os alemáns chaman *Literaturwissenschaft*, é dicir, a Ciencia da literatura ou, máis modestamente, os Estudos literarios. En varios libros manifestei sempre que non son capaz de concibir por separado a Historia da literatura, a Crítica literaria, a Teoría da literatura e a Literatura comparada. Falamos moito de *interdisciplinariedade*, e eu penso que a máis inmediata interdisciplinariedade con que nós nos atopamos é a que se establece entre estas grandes ponlas dos estudos literarios.

Certamente, a máis nova destas ponlas é a Literatura comparada, que é un froito do posromanticismo, na primeira metade do século XIX, pero dende entón pasaron case dous séculos, é dicir, a Literatura comparada é unha disciplina definida cun corpus teórico e bibliográfico moi amplo, e cunha historia que se pode trazar perfectamente. Polo tanto, é moi difícil que sexa a estas alturas absorbida. O que si pode ser é desprazada, e de feito nalgúns lugares está a ser desprazada, fundamentalmente polos Estudos culturais. Penso nos Estados Unidos de Norteamérica e este é un tema para tratar del polo miúdo.

En relación ás outras tres disciplinas dos estudos literarios, eu non falo nunca da posibilidade de absorción, eu falo da posibilidade de cooperación

produtiva para todos. É ben certo que a Literatura comparada naceu como unha expresión singular da Historia da literatura, a Historia comparativa das literaturas, pero os propios fundadores da Literatura comparada, estou a pensar en Ampère ou Villemain, aluden xa a que da Literatura comparada podería xurdir unha Filosofía da literatura, e esa Filosofía da literatura é a Teoría literaria, que é outro campo que eu vexo moi preto da Literatura comparada e da Crítica literaria, evidentemente, en canto esta última é un exercicio de valoración e de contraste que necesita e precisa da comparación para poder acadar os seus obxectivos.

Eu non vexo, pois, problema neste sentido, á marxe, iso si, de que en determinada institución académica ou sistema institucional académico algunha destas disciplinas exerza unha vontade imperialista sobre outras, ou mesmo unha vontade de desprazamento e de illamento. Pero para as catro disciplinas das que estou a falar eu non vexo problema inminente, o que si creo é que a irrupción dos *Cultural Studies* (que proceden inicialmente de investigacións realizadas no Reino Unido) nos Estados Unidos de Norteamérica, despois da enorme impronta que deixou alí a Deconstrución de Derrida e dos seus discípulos americanos, está facendo esmorecer a fortísima Literatura comparada que antano había nos Estados Unidos.

En canto á relación entre a Teoría literaria e a Literatura comparada, chegouse mesmo a falar da “hora francesa” e da “hora americana” da Literatura comparada. A francesa sería máis positivista, máis debruzada cara á Historia da literatura, e a americana sería moito máis teórica, máis debruzada cara á Poética. Mesmo se chegou a facer unha contraposición entre as dúas “horas” e as súas localizacións xeográficas no tratamento da Teoría literaria. Eu, persoalmente, admito, valoro, aprezo e considero fundamentais os estudos de Historia literaria comparativa. Polo tanto, non hai pola miña parte o máis mínimo propósito de desdeñar o que iso representa. Pero, en canto á miña concepción particular da Literatura comparada, eu véxoa moito máis preto da Teoría literaria, por un fenómeno bidireccional: por unha parte, eu penso que a Teoría da literatura necesita estar en contacto con textos literarios concretos para confirmar o carácter e a validez autenticamente universal dos principios xerais que a teoría intenta formular, e isto será tanto máis válido canto maior número de obras literarias sexan tratadas desde esta perspectiva, e sobre todo obras literarias pertencentes a códigos lingüísticos distintos e en dirección contraria. E eu penso que a Literatura comparada pode correr o risco de se

quedar meramente nas *rappports de faits*, nas relacións meramente factuais, se non ten esa pegada teórica, ou esa pegada, como diría Ampère, de *Filosofía da literatura*. Coido que as dúas disciplinas saen gañando e que a súa cooperación pode ser extraordinariamente fructífera.

*A.A. Falamos dun desprazamento da Literatura comparada. Nalgunha das últimas propostas, penso sobre todo en Tötösy de Zepetnek, creo que se percibe xa ese desprazamento no proxecto dunha Literatura e Cultura Comparadas. Se un manexa o repertorio de artigos publicados na súa revista, CLC Web Journal (<http://clcwebjournal.lib.purdue.edu/>), verá cómo hai moitos artigos que non comparan estritamente nada e outros que non falan de literatura. Non é un risco tremendo perder o referente literario na comparación ou ben deixar de facer comparación neste momento?*

DV. Si, eu penso que é un risco evidente e está a se producir fundamentalmente nos Estados Unidos de Norteamérica; e Canadá, neste sentido, tamén está no mesmo bloque. E a raíz disto hai que a procurar na impronta, na forza dos Estudos culturais e todas as teorías concorrentes, entre elas, por exemplo, algunhas que teñen unha orixe claramente política, que é afrontar os fenómenos literarios en clave de imperialismo, o cal leva a unha erradicación voluntarista da literatura europea, por considerala unha literatura imperial escrita por unha clase dominante a diversos niveis, e non só pola conquista, pola ocupación dos territorios americanos, senón tamén dominante por cuestións de raza, de sexo, de clase social, etc.

286

Fronte a isto, hai a conxura da *Escola do resentimento*, como a chamou Harold Bloom. E Harold Bloom, na miña opinión, é unha figura interesantísima, dicir outra cousa sería, evidentemente, inxusto. O crítico de Yale ten ademais, desde a publicación do seu libro sobre o canon occidental (*The Western Canon*), unha pegada universal que fai que a súa voz se escoite en todas partes, mesmo *in partibus infidelium*. As argumentacións defensivas de Bloom, ou mesmo as afirmación e ataques que el fai para defender as súas posicións, ás veces son hiperbólicas, esaxeradas. Por exemplo, a visión que ten de Shakespeare é moi difícil de aceptar. El vén dicir que Shakespeare é o inventor da condición humana. Que a condición humana non existía como tal antes de que Shakespeare escribise as súas obras. Isto, evidentemente, é unha esaxeración e non é de recibo. E tamén ás veces esaxera nos seus ataques contra o que el chama a *Escola do resentimento*, é dicir, todo ese conxunto de tendencias que, nacendo dos Estudos literarios, están realmente afastándose deles e están politizando os campus americanos e o ensino que neles se produce.

O sentido de *politización* ao que me refiro é realmente moi curioso. Os Estados Unidos de Norteamérica, como país, é un territorio profundamente desideoloxizado, se o comparamos con Europa. O que sucede, entón, é que as universidades constitúen unha especie de *ghetos* onde o sistema, non só favorece senón que alenta debates de tipo ideolóxico-políticos, e vistos dende Europa resultan peculiares e un tanto insólitos. É dicir, en Europa o debate ideolóxico e político faise no ámbito nacional ou no ámbito internacional, cun activo exercicio de toma de posicións por parte da sociedade civil, das institucións, etc., etc...

En Estados Unidos isto non existe, como non sexa dentro das universidades, onde se crean células de promoción ideolóxica que contaminan totalmente o que sería o *syllabus* dos estudos, o canon dos estudos que se están a facer, e isto ocorre, loxicamente, máis nos centros de humanidades. É moi difícil que nos centros de tecnoloxías ou de ciencias experimentais este tipo de cousas acaezan. Entón Bloom, que está no miolo dunha grande universidade, como é Yale, onde estes debates se producen a miúdo, e que coñece moi ben todo o que está a suceder no resto das universidades americanas, é defensor, realmente afoutado, da persistencia dos estudos literarios tal e como a tradición occidental os viña mantendo, e está en contra desa destrución do canon. Para el existen obras que teñen unha validez universal, que superan as barreiras do tempo e do espazo e que seguen a lle falar deles mesmos aos homes e mulleres de hoxe mesmo. E oponse a que a literatura vaia sendo erradicada dos planos de estudo norteamericanos e substituída polos Estudos culturais.

287

Do mesmo xeito que fai George Steiner, outro paladín da autocrítica da situación dos campus norteamericanos e da defensa dunha situación moito máis axeitada do que se pode dar en Europa. Para Steiner é un erro absoluto mesturar a cultura elevada ou superior coas subculturas, que é algo que se está a facer no ámbito dos Estudos culturais para colocar ambas culturas ao mesmo nivel. Isto acaba desprazando os grandes faros que iluminaron a Historia da Humanidade e substituíndo esas cimeiras por obras que son conxunturais, por obras ou manifestacións que poden ter un interese moi lexítimo para unha determinada minoría, ou que son fenómenos epocais, limitados e restrinxidos, sen ese empaque dos grandes textos que permanecen estábeis ao longo do tempo.

Bloom e Steiner son neste sentido dúas voces moi interesantes a seguir, porque eles coñecen perfectamente a situación dos campus americanos.

Bloom non coñece realmente a situación de Europa, en cambio Steiner si que a coñece, e o último libriño que acaba de publicar titúlase, precisamente, *A idea de Europa*. Hai outro titulado *Eloxio da transmisión*, que escribiu Steiner canda unha profesora de liceo francés de barrio, Cecile Ladjali, onde establecen un diálogo entre os dous verbo de como se pode manter a vixencia do *curriculum* tradicional nesta sociedade multicultural, multirracial, posmoderna ou transmoderna, onde se está a facer carne de canón dos valores canónicos. Este é o terreo onde están a xogarse neste momento cousas tan importantes como o propio futuro das Humanidades, é dicir, do traballo que nós estamos a realizar no ámbito universitario.

*AT. A propósito dese imperialismo por parte dos Estudos culturais, iso semella poñer-se en liña cun reproche ou acusación que se lle fixo á Semiótica polos anos sesenta ou setenta, sobre todo a partir dos traballos de Roland Barthes e de Umberto Eco. Parece que hai unha constante histórica pola que sempre xorde unha disciplina ou unha ciencia que, en fin, quere absorber, fagocitar ou desprazar outras, facéndolles sombra ou, simplemente, desestimándoas.*

288

**DV.** Si, pero para min hai unha diferenza considerábel entre a Semiótica e os Estudos culturais. A Semioloxía, segundo Saussure no seu *Cours de linguistique générale*, defínese como a ciencia que estuda o comportamento dos signos no seo da vida social e era en si mesma unha macrodisciplina na que tiñan cabida moitas manifestacións disciplinares concretas e particulares, pero todo encaixaba perfectamente nun modelo teórico e filosófico realmente profundo. Charles Sanders Peirce contribuíu dun xeito considerábel a isto, e queirámolo ou non a Semioloxía permeou, enchoupou gran parte do desenvolvemento da teoría literaria, da crítica literaria e dos estudos comparativos, pero non dun xeito agresivo nin destrutivo, na miña opinión. En cambio, os Estudos culturais, eu coído que non están avalados por un corpus teórico tan firme, tan rexo, como o da Semiótica, senón nun *pensiero debole*, en comparación co que veño de dicir. Os Estudos culturais o que tratan é de desprazar o obxecto de estudo, e a literatura pasa así a ser unha manifestación cultural máis da creatividade humana que se pon á mesma altura doutras, como poden ser a artesanía, o folclore, ou como poden ser as prácticas culturais no sentido antropolóxico cultural dos pobos primitivos. E, pouco e pouco, a literatura vai perdendo presenza, porque ademais pesa sobre ela unha especie de *sambenito*, o de que é, na maioría dos casos, unha expresión da cultura alta, da cultura de elite. Os Estudos culturais queren compensar a atención case exclusiva que lles presta-

ba a universidade aos estudos da cultura de elite, poñendo énfase nos estudos da subcultura ou das culturas populares, onde todo ten cabida: a gastronomía, a moda, as prácticas dos grupos máis minoritarios, etc. Isto pode coincidir, quizais, cun discurso que hoxe goza de gran predicamento, que é o *discurso da diversidade*, e esquécese que, canda este discurso, hai outro que non se pode obviar, que é o *discurso da similitude*. Os seres humanos temos moitos elementos en común e isto xerou ao longo da Historia unha especie de universais humanos que a literatura chamada clásica ou canónica soubo explotar e manifestar. Mentres o particularismo dos Estudos culturais parece chamado a emprender unha guerra aberta contra o universalismo das grandes manifestacións literarias.

*AA. A eclosión dos Estudos culturais non terá que ver cunha situación determinada, sobre todo a partir dos anos sesenta, cando a literatura perdeu, en certo modo, a batalla con respecto a outros medios? Penso sobre todo na televisión, pero podería falarse tamén do cinema ou dos novos medios electrónicos que hai actualmente. De maneira que a literatura deixa de ser o referente cultural e mesmo ético das distintas sociedades e ese papel se lles atribúe a eses novos medios. Quero dicir, antes a literatura servía para vivir outras vidas, para aprehender mundos alleos, para acceder a valores, etc., todo iso era unha función da literatura. Agora non sei se Darío Villanueva, como crítico literario, pensa que segue a existir esa función ou é unha batalla perdida.*

289

**DV.** Esta é unha boa pregunta, complexa pero moi interesante. Parece partir das ideas apocalípticas de Marshall MacLuhan na *Galaxia Gutenberg*, que son unhas ideas que (está perfectamente demostrado) non chegaron a cumprirse. El chegou a afirmar nunha entrevista que o libro desaparecería en 1980. E nese ano quen desapareceu foi MacLuhan, pois foi o ano en que morreu, e o libro segue existindo. Eu non creo que esa pegada macluhaniana apocalíptica sexa a causa da perda relativa de posicións da literatura. Porque ademais estou convencido de que a situación neste sentido é moi confusa e que podería dar lugar, se conseguísemos aclarala, a bastantes sorpresas. Estou convencido de que hoxe en día hai máis lectores selectos, competentes e maximamente cooperadores coas grandes obras da literatura que en ningún outro momento da historia da humanidade. É dicir, que os grandes autores e os grandes libros nunca tiveron un público tan amplo e tan competente como teñen agora, independentemente doutro feito que tamén estatisticamente é demostrábel: que nunca se produciron e se consumiron tantos libros na historia da humanidade como agora, porque vai unido ao desenvolvemento económico, pero tamén a un desenvolvemento da cultura e da alfabetización na maioría dos países.

Tamén neste sentido o fenómeno da globalización está contribuíndo a que haxa libros que en pouco tempo conseguen abranguer o mundo enteiro, cousa que era impensábel até hai poucos anos. Polo tanto, eu máis ben o sentido da pregunta que se me fai enfócoo no ámbito académico estrito e relacióno cunha tendencia importada de Europa pero formulada nos Estados Unidos como algo para o que probabelmente non estaba concibida, é dicir, para ser unha teoría literaria. Estou obviamente a me referir á Deconstrución de Jacques Derrida, que en Europa non ten apenas herdanza nin deixou apenas eco nos estudos nin nos departamentos de literatura. En cambio, nos Estados Unidos, a partir de finais dos anos sesenta converteuse practicamente na estrela do pensamento literario, e a Deconstrución, con todo o respecto intelectual que teño polo pensamento de Derrida e dalgúns dos seus seguidores, como Paul de Man, J. Hillis Miller, etc., eu penso que foi nefasta para a valoración da literatura dentro dos curriculos académicos das universidades americanas, que, dentro do seu modelo de educación liberal utilizaban a literatura como un instrumento para a formación das persoas en varios eidos: formación ética, formación expresiva ou comunicativa, formación enciclopédica e formación estética. Considerábase, polo tanto, que a literatura significaba algo, que tiña un valor canónico desde o punto de vista estético e proporcionaba moita información sobre asuntos importantes que eran pertinentes á condición humana. A Deconstrución, entendida ao modo americano, vén soste que a literatura carece de sentido, que a literatura é unha especie de algarabía de ecos onde non hai voces auténticas e o sentido esmorece e chega mesmo a se difuminar. É unha manifestación radical do que en Europa chamamos *hermenéutica negativa* para contraponela á rexa *hermenéutica positiva*, tipo Schleiermacher, na que se sostén que o sentido dun texto é exactamente o que o autor quixo darlle. Isto tamén é unha esaxeración. O libro significa fundamentalmente, o que o lector quere que signifique, pero desde ese relativismo hermenéutico, que fenomenologicamente se explica porque a obra literaria é un esquema que ten que ser enchido nas súas lagoas, nos seus lugares de indeterminación, polo lector; de aí a chegar a unha hermenéutica negativa, que nega a capacidade de transmitir sentido por parte da literatura hai moita distancia, e desafortunadamente esta foi a idea que a Deconstrución americana acabou implantando. E isto, na miña opinión, tivo unha consecuencia inmediata no réxime interno das universidades. Á hora de repartir e rendibilizar recursos, os administradores universitarios dixeron “pero como imos prestarlle o noso concurso de recursos a unha disciplina que os mesmos que a imparten sosteñen que non significa nada, que non é modelo de nada, que está aberta a todo tipo de interpreta-

cións, de diferenzas...? Hai aí un momento terríbel na historia institucional da universidade americana en que, en certo modo, os departamentos de humanidades e de literatura tiveron que practicar o *harakiri* por ter abrazado, dun xeito tan entusiasta como pouco discriminatorio, a teoría da Deconstrución. E polo tanto prodúcese unha especie de baleiro, unha especie de terreo queimado no que cómpre botar algo, e o que se lle bota son os *Cultural Studies*, os Estudos culturais. Polo camiño pérdese a tradición filolóxica, pérdese a tradición literaria e encontrámonos na situación na que agora nos atopamos.

*CD. Seguindo entón coa argumentación do risco culturalista nos estudos literarios, entendo que é necesario introducir á bora de aquilatar a tan manida noción de crise da Literatura comparada o factor da localización. Mentres que en universidades como a de Insbruck está a desaparecer o departamento de Literatura comparada, ou mesmo na universidade de Alberta onde o antigo Department of Comparative Literature acaba de transformarse en Department of Modern Languages and Cultural Studies, noutros países, como Italia, Portugal, Brasil, Arxentina, India, e mesmo en España, a disciplina está de plena actualidade. Neste sentido, dende a perspectiva que proporciona ser na actualidade presidente da Sociedad española de literatura general y comparada, que opinión lle merece a situación da disciplina en España?, por unha parte e, por outra, comparte vostede a misión manifestada por Claudio Guillén no prólogo á nova edición actualizada de Entre lo uno y lo diverso?*

291

**DV.** Esta pregunta toca un tema quente, verbo do que eu experimento unha especial sensibilidade. É o problema da botella medio chea ou medio baleira. Nin penso que esteamos no mellor dos mundos posíbeis nin penso, polo contrario, que a Literatura comparada estea en España no peor momento da súa historia. Respecto disto último, eu penso máis ben todo o contrario, o que non quere dicir que non teñamos que avanzar aínda moito e que non teñamos que conseguir moitos máis obxectivos. O que si comparto totalmente é que non se pode xeneralizar. A situación da literatura comparada hai que localizala non só en países senón mesmo nas universidades. En cada caso pode haber unha razón ou outra para o esmorecemento ou o abandono dos estudos literarios. Iso ocorre nas universidades máis flexíbeis con todos os departamentos. Hai momentos en que un departamento dunha determinada disciplina é potentísimo e pasados quince anos ese departamento pode estar a piques de se extinguir ou de ser absorbido. Por que? Pois porque hai profesores que marcharon ou que se xubilaron; non houbo renovación; houbo anquilosamento; ou liortas internas que acabaron coa harmonía imprescindible para facer un traballo de conxunto, etc., etc.

No que se refire ao caso español, Claudio Guillén, efectivamente, é neste momento unha voz preocupada porque el tiña un modelo para a literatura comparada que aínda non foi posíbel implementar. Eu respecto extraordinariamente a Claudio Guillén, que non só é o mellor comparatista español senón que forma parte dese grupo de *happy few* que poden chamarse autenticamente comparatistas no mundo enteiro, e polo tanto o que digo, discrepando del nalgún aspecto, dígoo con todo o respecto e tamén dende unha experiencia biográfica que tiven a sorte de vivir realmente.

O que desexaría Claudio Guillén é que existise a Literatura comparada como área de coñecemento no catálogo oficial das áreas de coñecemento recoñecidas polo Estado español e polo tanto implementadas nas universidades españolas. E isto non ocorre. Non ocorre porque era totalmente imposíbel logralo. En primeiro lugar, non existía unha gran tradición dos estudos comparatistas en España. Practicamente foi Claudio Guillén, cando voltou de Estados Unidos, quen máis loitou para que esa tradición empezase a agromar entre nós, pero, prescindindo del, había moi poucos antecedentes dignos de ser tidos en conta. Por outra parte, a política educativa universitaria en España era extraordinariamente reacia a seguir multiplicando as áreas de coñecemento, que no catálogo actual superan amplamente o número de duascenas, e ademais, falando xa no ámbito das Humanidades, e concretamente dos estudos relacionados coa lingua e a literatura, os membros do Consello de Universidades estimaban que estabamos nunha situación inflacionaria, que había demasiadas áreas referidas a estudos de lingua e literatura. Nese contexto, era absolutamente imposíbel conseguir unha nova área, porque ademais as autoridades ministeriais non querían, como se di vulgarmente, *abrir o melón*, porque, se se incorporaba unha nova área, virían detrás outras sesenta ou setenta de moi diferentes eidos científicos solicitando tamén o seu recoñecemento.

Entón, neste contexto, eu pertencía ao Consello de Universidades, como Reitor da de Santiago de Compostela, e concretamente tamén á subcomisión de Humanidades. Daquela, pareceume que unha maneira de dar un paso adiante e de colocar por primeira vez a Literatura comparada no catálogo das áreas de coñecemento era demandando a equiparación da denominación da área existente no catálogo de Teoría da literatura e un título de licenciatura de segundo ciclo que se chamaba *Teoría da literatura e literatura comparada*. Ese foi o meu grande argumento diante do Consello de Universidades: dicir, “non, non pedimos a creación dunha nova área, o que pedimos é simplemen-

te que a área de Teoría da literatura xa existente se amplíe e pase a denominarse *Teoría da literatura e Literatura comparada*”, porque ademais ten o aval dunha licenciatura con esa mesma denominación.

Coustume moito convencer os meus compañeiros, non tanto na subcomisión de Humanidades como no pleno do Consello de Universidades e tamén as autoridades do Ministerio. E finalmente conseguiuuse, e cal é o resultado? Pois o resultado é que neste momento xa empeza a haber novos profesores titulares, e mesmo catedráticos, que o son de literatura comparada, pois, malia ser a denominación oficial da praza *Teoría da literatura e Literatura comparada*, o perfil co que concorreron e co que gañaron esa praza foi exclusivamente de Literatura comparada. Eu coído que isto é un avance institucional extraordinario para a Literatura comparada en España e polo tanto ten que ser considerado como tal e non como un intento de fagocitación desta disciplina por parte da Teoría da literatura. Porque, ademais, observando o perfil das persoas que pertencen a esta nova área, atopámonos con que a gran maioría se dedica á Teoría da literatura; logo hai un grupo, que vai medrando, de novas incorporacións de auténticos comparatistas; e despois unha minoría de persoas que cultivan alternativamente ambas disciplinas.

293

E ademais de todos os argumentos de tipo institucional ou político, de política educativa universitaria que estou enumerando, para min non hai dúbida de que o argumento máis importante é de tipo científico. Eu xa dixen que teño unha concepción da literatura comparada que non é oposta nin contraria á visión historicista da Literatura comparada, pero a miña posición, o meu paradigma é moito máis teórico, onde o comparatismo vai da man da Teoría da literatura, porque esta disciplina convértese nunha metafísica literaria se non está en contacto cos textos e con textos de diferentes linguas e diferentes tradicións.

*AA. Para afianzar ese proxecto académico de Literatura comparada, podían mesmo esgrimirse de novo argumentos políticos. Penso no papel da Literatura comparada na Unión Europea, no desenvolvemento dalgún proxecto comparatista que semella non acabar nunca de callar; que sempre queda frustrado, sen resultados efectivos...*

**DV.** Si. Por unha parte, hai un momento mencionaba eu esa conferencia de George Steiner publicada en forma de opúsculo baixo o título de *A idea de Europa*. Europa, antes que unha comunidade do carbón e do aceiro, antes que

un mercado aberto e antes que un conxunto de países que chegan a renunciar a aquela parte da súa soberanía que lles permitía emitir moeda propia e aceptan emitir unha moeda válida para varios socios; antes que todo iso, Europa é un fenómeno cultural e un feito cultural e xeográfico, e a existencia de determinadas correntes, de arte e de creación nun territorio que, por outra parte, en comparación coas grandes magnitudes africanas, australianas ou americanas (isto tamén o di Steiner) é un territorio moi pequeno cheo de variedades, empezando polas variedades lingüísticas. Se comparásemos a vastedade de América coa limitación xeográfica de Europa quedaríamos abraiados pola riqueza lingüística que Europa ten respecto á relativa limitación na variedade de linguas que se falan naquel continente. En África, por exemplo, tamén o suahili é unha lingua estendida por enriba de moitas fronteiras e que abrangue unha porcentaxe elevadísima dos habitantes do continente. Polo tanto, Europa nace fundamentalmente por unha cultura nun anaco de territorio, e todo isto mesturado cunha evolución histórica. Iso si, con moitas liortas e moitas dificultades de entendemento e con moitos conflitos de intereses, primeiro entre as monarquías e despois entre as nacións e os estados. Agora estamos nun momento histórico no que a construción dunha Unión Europea está a pasar por unha crise profunda, que non é a primeira pola que atravesa o proxecto. Eu son optimista en canto ao resultado final. Cómpre ter en conta que se chegou mesmo á formulación dunha primeira constitución para Europa que no seu preámbulo insiste moito nos aspectos culturais, mesturando variedade e unidade. Esta unidade de Europa, xunto coa proliferación de singularidades que a caracterizan vén coincidir co subtítulo do gran libro de Claudio Guillén, *Lo uno y lo diverso*. Esa idea de “lo uno y lo diverso” dáse perfectamente no ámbito de Europa. Quizais os problemas que está a ter a Constitución europea para ser finalmente ratificada unánimemente teñan que ver cun certo abandono desas raíces culturais e polo mesmo literarias que Europa ten.

O que é certo é que na medida en que vaíamos avanzando nun espazo europeo do ensino a todos os niveis (por exemplo, a declaración de Boloña está avanzando na creación dun espazo de educación superior), propiciaremos novos enfoques para o estudo de antigas materias e, por poñer un caso, a *Literatura europea* terá plena xustificación para se converter nunha materia autenticamente troncal para a formación dos cidadáns europeos no eido cultural, tanto no ámbito do ensino secundario coma no ensino universitario. É curioso, porque a Literatura comparada experimentou ao longo da súa historia todos os avatares do momento, unhas veces en sentido positivo e outras en

sentido negativo. Por exemplo, as orixes da Literatura comparada son claramente liberais e cosmopolitas, anti-chauvinistas. Naceu por un desexo de transcender os límites do nacionalismo cultural que o Romanticismo veu configurar porque era necesario que naquel momento así se fixese. O período que vai entre a primeira e a segunda guerra mundial foi de extraordinario desenvolvemento da Literatura comparada porque se pensaba que o estudo comparativo de diferentes literaturas podía ser unha garantía de entendemento e de comprensión entre pobos de Europa e que iso axudaría a evitar outra guerra. Desafortunadamente isto non foi así, pero a segunda guerra mundial, por exemplo (está perfectamente demostrado no libro de J.R. Clements) foi a que abriu os Estados Unidos ao coñecemento das linguas non só de Europa senón tamén de África e Asia, e a proliferación de departamentos de Literatura comparada veu a consecuencia da segunda guerra mundial.

Tamén é certo que, no sentido contrario, hai que dicilo, a chamada guerra fría foi un freo ao desenvolvemento do comparatismo en países que quedaran dentro da órbita do Este e que acadaran un desenvolvemento moi amplo no período de entreguerras. Estou a pensar no caso de Hungría, de Polonia ou de Chequia. A Historia, polo tanto, axuda ou entorpece o desenvolvemento da Literatura comparada.

Eu penso que neste momento a Historia europea está a ofertar unha posibilidade de ouro para o desenvolvemento comparatista na liña da Literatura europea que, ¡ollo!, non pode ser nin exclusivo nin excluín-te. Non esquezamos nunca a chamada de atención que fixo René Étiemble nos anos sesenta, cando denunciou o eurocentrismo da Literatura comparada, unha literatura que nalgún caso contaba simplemente cun *decaglotismo* literario, é dicir, consideraba como único obxecto do seu estudo dez literaturas. Así Hugo von Meltzl falaba da literatura alemá e da inglesa pola parte xermánica; a española, a francesa, a italiana e a portuguesa, pola parte románica; e logo introducía ademais a holandesa, a húngara, a islandesa e a sueca. Étiemble viña dicir: “Como se pode facer literatura comparada ignorando a literatura escrita en chinés, en xaponés ou en coreano?”. Isto é necesario que se implemente. Pero o concepto de *literatura europea* non é contraditorio con esa pegada de apertura.

Por outra parte, as linguas fundamentais de Europa tiveron, por razóns do imperialismo, unha expansión (os estudos neocoloniais están a incidir precisamente nisto) ao longo de todo o globo. Eu penso que o proceso europeo vai ser moi interesante dende o punto de vista da Literatura comparada. Xa están

publicados manuais de *Literatura europea* con esta denominación e iso a min paréceme extraordinariamente positivo.

*AT. Para o caso concreto da Literatura galega, que beneficios lle pode achegar o método comparatista dos estudos literarios?*

En canto ao caso concreto de Galicia, eu coido que a Literatura comparada pode proporcionarlle á Literatura galega o mesmo que lle proporciona a calquera outra literatura. Proporcionálle a posibilidade do contraste, da confrontación de temas, de tendencias, de estilos, de recursos, etc., e contribúe a que esta literatura non esmoreza por vivir excesivamente afeita ás súas exclusivas producións, e por outra parte, a través da tradución, permite que a literatura dunha lingua que non é manifestamente maioritaria en Europa poida ser, porén, coñecida e apreciada no mundo enteiro.

Neste sentido, un tema moi importante é o da tradución. Eu penso que os estudos de tradución deben constituír unha das ponlas máis interesantes, estratexicamente falando, para os estudos do comparatismo. Ben é certo que antano existía un certo purismo entre os comparatistas totalmente contrario a que se fixese comparatismo a través da tradución. Isto leva a unha aporía: ningún, ningún comparatista pode chegar a coñecer todas as linguas que serían necesarias coñecer para facer Literatura comparada, porque iso supera con moito a capacidade dun ser humano por xenial que sexa. E logo, ademais, hai que ter en conta que non só se trata de saber a lingua, senón de coñecer a súa literatura, manexar a súa bibliografía, de ter un nivel de información que resulta practicamente inalcanzábel. Eu coido que hoxe en día a tradución é un instrumento fundamental para facer comparatismo, o que non exclúe a necesidade de que os comparatistas dominen o maior número posíbel de linguas de que sexan capaces, e entre elas aquelas que teñen unha tradición literaria máis forte e máis trascendental.

*CD. Entón, como se pode poñer en relación algunhas liñas de argumentación que están a xurdir nesta conversa (políticas, educativas, factores lingüísticos, tradución, diferenzas da práctica comparatista segundo a localización xeográfica, etc.) co feito de que nos últimos anos esteamos a asistir ao rexurdimento da propia idea de Literatura europea da que acabamos de falar, pero tamén doutro concepto antigo do comparatismo, como é o de Literatura mundial e o de Literatura universal, por exemplo, coas achegas de Pascale Casanova, en Europa, ou de Franco Moretti, nos Estados Unidos? Esta revitalización deses conceptos é en boa medida resultado de procesos que se comentaron*

*aquí, procesos sociais, económicos e políticos, globalización, integración europea, etc., pero a nova teorización deles comparte o mesmo trazo que o dese euro-norteamericano-centrismo, se pode chamarse así. Entón, como podemos contemplar todo este proceso, en especial agora, co rexurdimento da idea de Literatura universal?*

**DV.** O primeiro en acuñar e postular a idea de *Literatura mundial* foi Goethe, coa súa expresión *Weltliteratur*, despois outro gran defensor da mesma idea foi T.S. Eliot, para quen a Literatura era unha orde de simultaneidades absoluta. Simultaneidade no espazo e no tempo. Para el a Literatura era o conxunto de obras literarias escritas en calquera lingua en calquera país e en calquera momento da Historia. Ademais, para Eliot, así entendida, a Literatura funcionaría como un sistema, e a aparición dunha nova obra daría lugar a unha recomposición do conxunto de todas as demais. Polo tanto, son conceptos que non se pode xustificar que sexan absolutamente actuais. Do que non hai dúbida é de que hoxe en día todo o relacionado coa globalización favorece este rexurdimento da idea dunha Literatura mundial. A globalización, iso si, co que tamén comporta de mercantilización do feito literario. A este respecto, hoxe en día hai determinados autores (desafortunadamente, moitos deles sen demasiado valor literario, ou practicamente sen ningún) que publican as súas obras dun xeito autenticamente ecuménico, é dicir, que saen nos catro continentes xa traducidas ás linguas máis importantes de xeito absolutamente simultáneo. Eu vexo este fenómeno, polo tanto, por unha parte, como unha excrecencia da globalización, pero por outra como un anxeio nobilísimo dos máis grandes amantes da Literatura que ten habido no mundo, para quen a Literatura non tiña fronteiras posíbeis. Para eles a Literatura sería un ámbito de expresión do ser humano que superaba todas esas limitacións. Así pensaron Goethe e Eliot.

O que si cómpre evitar, penso eu, é unha visión roma da Literatura universal, tal e como, por exemplo, se daba nos Estados Unidos, sobre todo nos *Colleges*, con materias como as denominadas *World Literatures*, que eran, simplemente, disciplinas onde se estudaban tres ou catro textos clásicos do canon, de xeito illado, cun certo propósito de dotar dunha pouca cultura xeral os estudantes. Esa é unha visión moi limitada. O concepto de *Literatura mundial* ten que ser máis ambicioso e eu tamén o relacionaría hoxe en día cos estudos sistémicos no ámbito da teoría literaria. A concepción da Literatura como un sistema onde a creación vai acompañada dunha poderosa mediación, incluíndo, por suposto, o fenómeno da recepción e o posprocesado; o estudo do feito literario, digo, desde esta perspectiva, préstase moi ben a concibir a Literatura

de todo o mundo como un magno sistema onde estas fases e estes pasos se dan, coas peculiaridades que sexan do caso, en cada país e en cada rexión, entendendo *rexión* no senso máis amplo do termo.

*AA. Non hai algo de proxecto inabranguíbel nese estudo da literatura universal? Non é, en certo modo, unha volta aos ideais ilustrados, un intento de facer unha narrativa literaria que non é posíbel facer neste momento?*

**DV.** Si, ten moito de utopía, como tamén a propia Literatura comparada ten un compoñente utópico en si mesma. Porque os límites da comparación, onde están? En puridade unha Literatura comparada tería que ser unha literatura que non agochase nin esquecese nin unha soa manifestación literaria importante en calquera lingua das que se utilizan no mundo para producir literatura. Si, hai un compoñente utópico, o que pasa é que a min non me parece mal a presenza da utopía nun proceso destas características, porque iso crea unha tensión de esixencia que fai avanzar máis rápido e máis lonxe que se non existise semellante tensión.

298 *AT. Podemos rematar este encontro, que, como director desta publicación, agradezo profundamente aos presentes, e moi especialmente ao profesor Darío Villanueva, no meu nome e en nome da Secretaría e dos Consellos de Redacción e Científico do Boletín Galego de Literatura, cunha derradeira pregunta: É a Literatura comparada unha disciplina con futuro neste contexto de globalización?*

**DV.** Si, eu penso que si, fundamentalmente en Europa. Nos Estados Unidos é distinto. Alí os Estudos culturais están reconfigurando moitos departamentos que poderían ser de Literatura comparada. En cambio, acabo de chegar de Arxentina e alá existe o mesmo interese que o que poidamos sentir nós pola Literatura comparada.

En Europa, por eses fenómenos históricos aos que me referín antes, a Literatura comparada penso que vai ter un futuro aberto e positivo, e aínda engadiría, na medida en que a súa cooperación coa Teoría literaria se formalice de xeito máis rigoroso e metodoloxicamente máis compacto, máis serio.

A Literatura comparada e a Teoría da literatura poden constituír realmente o esquema básico nun sistema futuro de educación europea integrada a todos os niveis.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2005